

P R O G R A M A

EL EXORCISTA
LA GRAN EVASIÓN
JESUCRISTO SUPERSTAR
MEMORIAS DE AFRICA
ROBIN HOOD
EL PIANO
LA MÁSCARA DEL ZORRO
LA MISIÓN
LOS SIETE MAGNIFICOS
LA PANTERA ROSA
NUEVE SEMANAS Y MEDIA


OUT OF AFRICA
MUSICA 2002

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo

Concerto de Música de Cine
con proxección de imaxes


Sábado 27 de Xullo
22:30 h.
Praza de Abaixo
RIBADEO

Before Sam
was murdered
he told Mary
he'd love and pro-
tect her forever



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
DELEGACIÓN MUNICIPAL DE CULTURA

Banda Sinfónica
Municipal
de
Ribadeo



El Presentador

Ramón Bermejo fórmase principalmente entre o Conservatorio e o Taller de Músics, enfocando os seus pasos cara o jazz. Canta en diversas formacións vocais mentres estudia técnica vocal, canto, solfeo, armonía, contrabaixo, improvisación....

No ano 1987 funda o cuarteto vocal BAOBAB có que obtén o primeiro Premio no Festival Internacional de Jazz de Getxo en 1988. Actúa nos principais festivales de Jazz (Getxo, Barcelona, Terrassa, Pamplona, Andorra), diversas televisións e nos principais clubs de jazz.

Imparte clases no Taller de Músics de Barcelona durante dous anos. En Galicia enséña nas escolas Estudio (Santiago), e na Escola Municipal de Música de Portosín (Porto do Son). Colabora con grupos de teatro e outras formacións musicais. Dirixe A Ra/Coro de Cor e o quinteto vocal TRISTÁNS, có que tamén da concertos pedagóxicos.

Ramón Bermejo colaborou coa Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo na elaboración do segundo CD da agrupación de forma totalmente altruísta, aportando a súa voz en sendos poemas de Rosalía e Curros Enríquez.

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo

Promovida pola Asociación Amadores da Música en convenio permanente co Excmo. Concello de Ribadeo, fixo a súa presentación pública, en concerto, o 25 de xaneiro de 1992, diante de casi mil persoas.

Na súa corta traxectoria, actuou nas principais cidades e vilas de Galicia (Coruña, Santiago, Lugo, Ferrol) así como en distintas localidades fora de Galicia, como por exemplo Murcia, Oviedo, Aranjuez, Barcelona, Madrid, Lisboa, Lourdes, Tomar, etc...

A BSMR realiza anualmente a súa programación estable de concertos en Ribadeo na que teñen lugar programas monográficos (música de cine, relixiosa) e outros, como o concerto de Nadal "Aquí como en Viena" forman parte dos eventos culturais tradicionais de

Ribadeo. Igualmente o Festival de Bandas que organiza no mes de Agosto e que este ano alcanza a súa octava edición e xa un importante referente cultural.

A música clásica de carácter sinfónico, bandas sonoras, nova música para orquestra de vento e percusión forman, entre outras o repertorio da agrupación, sempre desde o concepto da actividade bandística de carácter educativo, tanto para público como para a propia banda, abrindo un novo horizonte ás bandas populares galegas, sometidas a un único repertorio de procesións, pasarúas, pasodobles e muiñeiras.

O Director

José Luis Alvarez, natural de Vegadeo (Asturias), empeza os seus estudos musicais ós 9 anos, realizando os mesmos nos conservatorios de Santiago de Compostela, Barcelona e Oviedo.

Titulado Superior en Saxofón e Medio Acordeón, contou con o inestimable apoio de profesores como Hernán Naval, Roberto Abella, J.Luis Penedo e Narciso Pillo entre outros.

Os 25 anos de idade convírtese no director titulado de Escola de Música máis xoven de todo o ámbito asturiano e norte de España ó incorporarse a Escuela Municipal de Musica de Vegadeo, cargo que ocupará hasta xuño do 2001, ano no que obtén a praza de Director da Escola Municipal de Música e Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo.

Desde o ano 2001, e alumno de Marcel Van Bree, Director da Banda Sinfónica de Galicia, da Banda da Federación Galega de bandas de Música e do Conservatorio de Música de Lalín (Pontevedra). En xullo do 2001 forma a Big Band Ribadeo e en Outubro do mesmo ano é nomeado Director da Big Band da Asociación Galega de Escolas Municipais de Música, que representou a Galicia no Festival Europeo de Xóvenes Músicos, cita que tivo lugar en Suiza, no mes de maio de 2002 . Na actualidade ocupa o cargo de vicepresidente da propia asociación.